

# FORTY5

REVISTA DIXITAL DOS FILLOS DE BREOGÁN

AS FILLAS OUTRA VEZ  
**Líderes de Liga**

A XOGADORA TOTAL  
**Laura Paz**

DENDE WEXFORD  
**Seánie McEvoy**





# Non é corner, é 45!



03

## Avante toda!

No que vai de Liga Galega, as Fillas suman os partidos como vitorias

06

## Powerful Lauris

Baloncesto, sófbol e fútbol gaélico, nada se lle resiste á nosa Laura

10

## Seánie o único

Non hai seguidor máis fiel dos Fillos que o noso loitador de Wexford

12

## Corkuña rabuña

Nemo Rangers xa é oficialmente club irmán dos Fillos de Breogán

Somos un club que medra. Nacemos cando este deporte non existía e agora temos dous equipos femininos e dous masculinos que compiten oficialmente durante toda a temporada e unha escola universitaria tamén anual. Crecemos en número de membros, en nivel de xogo e en compromiso. E nesa liña, damos un pasiño máis con esta revista dixital, Forty5.

A meta desta publicación é entreter, informar e conectar a toda a familia que conforma este maravilloso club. Está feita co máximo agarimo, mais calquera suxestión de mellora será ben recibida. Porque o club somos todxs e o club construímoslo entre todxs. Así que, xa sabedes, cando é a defensa a que bota o balón por fóra da liña de fondo, non é corner, é Forty5!

Wences García Zapata  
pro.acoruna.europe@gaa.ie



# LÍDERES GALEGAS

SEGUINDO NA BOA LIÑA

Malia ter varios cambios no plantel e tamén novo adestrador, as Fillas continúan invictas esta temporada



Entramos na segunda fase da Liga Galega Feminina. Atrás quedan oito encontros para as Fillas de Breogán e todos foron resoltos sen deixarse nin un só puntinho. Invictas, un ano máis. Dende a pasada temporada, onde as coruñesas racharon coa excelente racha das Irmandinhas, intratables ata o momento, seguen sen coñecer a derrota na Liga.

O acadado o curso pasado polas Fillas é difícil de mellorar. Foron campioas da European Champions League, do Campionato Ibérico, da Liga Galega e da Copa da Asociación. Ademais, acadaron o segundo posto no Paneuropeo da Estrada, caendo na final con Belgium GAA, e foron finalistas na Copa Galega. Complicado motivar un ano máis a un grupo que vén de gañar practicamente todo. Mais a resposta das Fillas segue a ser a mellor e manteñen ese nivel.

O equipo non é o mesmo. Se ben continúa a columna vertebral, si houbo cambios importantes. A saída do club do adestrador Mancu e das xogadoras Ari, Marta e María La Rubia, a marcha a Barcelona de Gema e Vanesa, e as lesións de Rakel e Paula parecen, nun primeiro momento, motivos para pensar nun cambio de ciclo. Nada máis lonxe da realidade: as Fillas seguen igual de fortes.

As rivais tampouco poñen as cousas doadas. Talvez as Irmandinhas non son tan competitivas coma outros anos, pero o salto de calidade de equipos como Estrela Vermelha, as novas Herdeiras de Dhais e, sobre todo, Pontevedra, fan pensar que as últimas xornadas da Liga Galega serán difíciles. Oxalá as rapazas que nos deron tantas alegrías sigan pola senda do traballo ben feito un ano máis.





## ADESTRADOR NOVO E MESMO OBXECTIVO

O bainisteoír Iago Pedreira e as Fillas afrontaron un reto máximo: igualar unha campaña case perfecta. Ao novo adestrador uníuse a volta de Kamy á portería (procedente das Ártabras de Oleiros) e a chegada das xogadoras de campo María R2, Ruth e Itziar déronlle novos folgos á sección que é o orgullo do club. Patri, as xemelgas Paula e Laura, Mery, Tonetti, Alba e Eva son a cerna das Fillas, o corazón dun conxunto que nos está a volver a deixar pampxs polo seu desempeño nos terreos de xogo. Por diante queda moita temporada: o final da Liga, a Copa Galega, o Campionato Ibérico (no que seremos o club anfitrión) e a segunda edición da Liga de Campións Europea onde as Fillas de Breogán deberán defender o seu título acadado en Pontevedra.





# EN CAMIÑO CARA AO ÉXITO



**26/11/2016**  
**Estrela Vermelha 1-09 (12)**  
**7-16 (37) Fillas de Breogán**

**03/12/2016**  
**Ártabras 0-00 (0)**  
**7-23 (44) Fillas de Breogán**

**17/12/2016**  
**Fillas de Breogán 7-17 (38)**  
**5-10 (25) Herdeiras de Dhais**

**14/01/2017**  
**Auriense 1-10 (13)**  
**4-19 (31) Fillas de Breogán**

**21/01/2017**  
**Pontevedra 4-11 (23)**  
**3-24 (33) Fillas de Breogán**

**11/02/2017**  
**Fillas de Breogán**  
**Irmandinhas (non presentadas)**

**18/02/2017**  
**Fillas de Breogán**  
**Mecas (non presentadas)**

**11/03/2017**  
**Fillas de Breogán 14-17 (59)**  
**2-06 (12) Estrela Vermelha**

**25/03/2017**  
**Herdeiras de Dhais**  
**Fillas de Breogán**

**08/04/2017**  
**Fillas de Breogán**  
**Pontevedra**

**15/04/2017**  
**Irmandinhas**  
**Fillas de Breogán**

**20/05/2017**  
**Fillas de Breogán**  
**Keltoi**



# LAURA PAZ

NON HAI DEPORTE QUE SE RESISTA AO TALENTO NATURAL

# A

chegada das irmás xemelgas Laura e Paula Paz Abelleira ás Fillas de Breogán, unha das mellores noticias, supuxo un punto de inflexión

para o futuro deportivo do equipo. As dúas teñen un increíble nivel competitivo, mais hoxe entrevistamos a Laura, que salienta por ser unha deportista que non se limita a unha soa disciplina. Na actualidade compaxina formar parte das Fillas con ser integrante do equipo de Cambre Sófbol, que esta tempada compite na máxima categoría do Estado. Laura é internacional coa Selección Galega de fútbol gaélico e foino coa Selección Española de sófbol, sendo a única galega en conseguilo.

Porén, a súa formación anterior vén do baloncesto.

**45: Es unha deportista multidisciplinar. Baloncesto, sófbol e fútbol gaélico, máis?**

L.P.: Por agora non e xa me vai chegando... Pero non descarto cambios no futuro porque teño pensado facer toda a miña vida.

**45: En que equipos de baloncesto militaches?**

L.P.: En moitos, porque xoguei dende os oito ata os trinta anos. Comecei no cole (Anxo da Garda), logo xoguei en Estación (cadete), Maristas (xuvenil), en Ensenada, María Pita, Basquet

Coruña e outra vez María Pita (senior).

**45: Agora volves xogar ao sófbol ademais de ser adestradora. Pero Cambre non é o teu único club nesta disciplina, non si?**

L.P.: Si, é unha situación complicada adestrar e xogar á vez porque case non podo practicar eu ao organizar os adestramentos, e levo tantos anos sen xogar que preciso volver adestrar, estou bastante oxidada. Malia que o meu club actual é o Cambre, comecei no desaparecido Tiburones de A Coruña, logo marchei xogar a Madrid, ao CBS Rivas, estiven un ano no San Lázaro de Oviedo e volví a Madrid, desta volta ao Dridma Rivas. Un bo periplo procurando poder xogar ao meu deporte. Ao final, como non tiña equipo na miña cidade, tiven que deixar de xogar e centreime en adestrar, ata hoxe.

**45: Como chegaches ao fútbol gaélico?**

L.P.: Pois foi dunha maneira moi casual. Estabamos un grupo de amigas tomando algo na Rúa da Barrera, cando nos atopamos a dous amigos que xa xogaban e nos contaron de que ía un pouco o tema. Chamounos moito a atención e decidimos ir probar catro mozas das que estabamos alí. De esas seguimos tres.



**45: Como levas competir en dous deportes ao longo dunha mesma tempada?**

L.P.: Pois agora que comeza a competición de sófbol e as viaxes, mal... Non me gusta ter que decidir entre un e o outro cando algunha fin de semana coinciden. Se xa é canso e comprometido estar pendente dun deporte as fins de semana, imaxina de dous...

**45: Os teus outros deportes achégante destrezas para a práctica do fútbol gaélico?**

L.P.: O deporte que máis aplicación ten é o baloncesto, sen dúbida. A ocupación dos espazos, o pasar e cortar, o pase de man e moitos conceptos de colocación son moi similares. O pé é moi importante, pero o xogo coas mans é a base e permíteche desenvolver nun partido con moita máis soltura.

**45: Que che parece que é o máis diferente que ten o fútbol gaélico con respecto a outras disciplinas?**

L.P.: Moitas cousas, pero se teño que decidir, diría que a parte social. A diferenza doutras disciplinas, o terceiro tempo dáche unha vinculación co equipo e coa cultura do deporte moi importante. Por outra parte, a nivel deportivo, o xuntar habilidades de diferentes especialidades permíteche incorporar ao deporte moi rápido. Se vés doutras disciplinas é relativamente fácil empezar a xogar, outra cousa é chegar a xogar ben, pero si podes gozar e divertirte co gaélico dende o primeiro día.

**45: O crecemento dos clubs en Galicia permite realizar un bo número de partidos oficiais. Que che parece o actual formato da competición feminina?**

L.P.: Pois a verdade é que non me gusta demasiado. No caso da liga feminina, unha competición con tan poucos equipos, debería ser de todos contra todos a dobre volta. Entendo as dificultades organizativas, pero é un retroceso. Por outra parte, seguir xogando de sete tamén limita moito para a evolución do gaélico feminino. O deporte xógase en campo grande, reduciilo modifica completamente a estrutura funcional, o cal é evidente nos partidos internacionais nos que temos que competir de nove xogadoras ou de once.

**45: O éxito das Fillas de Breogán é relativamente recente pero incontestable. Cal cres ti que é a explicación a estes bos resultados?**

L.P.: Coido que a principal razón é a competitividade de todas as xogadoras. Hai outros equipos técnica e tacticamente moi bos pero sen ese plus tan característico das Fillas. Ademais, malia ser o plantel de máis idade, todas vimos de facer outros deportes (fútbol, baloncesto, balonmán,..) toda a vida e por iso temos unha bagaxe física superior.

**45: Esta tempada, novo adestrador e cambios no plantel. Aínda así, o equipo continúa invicto. Que cres que é o que o fai posible?**

L.P.: Pois foi moi complicado porque perdemos sete xogadoras con respecto á campaña anterior, pero as novas incorporacións acopláronse moi ben e o espírito que nos levou a gañalo case todo o ano pasado segue vixente.





**45: Coa Selección Galega es unha habitual. Estiveches nos dous Mundiais. Como valoras as dúas experiencias? Que lembranzas gardas de Abu Dhabi e de Dublín?**

L.P.: Gardo un excelente recordo de ambas competicións, quizais Abu Dhabi, por ser a primeira vez e ser onde foi, está entre as miñas experiencias inesquecibles. En ambos os dous casos, os equipos galegos destacaron pola ilusión, o ímpeto e a loita en todos os seus partidos, facendo un gran papel nas dúas competicións.

**45: Xa pensando no futuro. Por favor, danos a túa receita para que o fútbol gaélico, en especial o feminino, siga a colleitar éxitos e siga medrando en Galicia.**

L.P.: En primeiro lugar, creo que o fútbol gaélico seguirá crecendo principalmente polo seu atractivo intrínseco, que unha vez comece a ser coñecido atraerá a máis practicantes. Respecto ao gaélico feminino, como comentaba anteriormente, é fundamental que a competición feminina teña lugar en campo grande como o deporte orixinal para que as xogadoras participen en partidos de 9 contra 9 ou de 11 contra 11 de xeito habitual e non só nas competicións internacionais.

# AMIZADE E COMPETIÇÃO



Iago Couso e Yago Fdez. de Avilés logo do Ártabros-Estrela. Yago é unha nova fichaxe dos de Oleiros, o último produto da Escola Universitaria



'Le croí agus lámh': co corazón e coa man. Así di o lema de Wexford GAA e así aplica Seánie a súa paixón pola vida e polos Fillos de Breogán. O seu entusiasmo contagioso e o seu optimismo incondicional déronlle folgos a este club nos seus anos máis complicados. Seánie, ademais, xunto con Ken, foron os primeiros representantes dun club galego no AGM da European County Board. E o apoio de toda a familia McEvoy tamén se estendeu á Selección Galega, á que animaron no Mundial de Dublín.



Os integrantes do club posan coa Copa McEvoy logo do primeiro Fillos-Ártabros xogado en novembro do 2012

# SEÁNIE MCEVOY, O HOME QUE TROUXO A PAIXÓN DENDE O MODEL COUNTY



Dende Wexford con amor. Así chegou John Patrick McEvoy á Coruña. A emigración, xa ben mozo, levouno do seu Model County natal a Inglaterra. Aló coñeceu a outra emigrante, a coruñesa Rosa Rodríguez. Galicia e Irlanda unidas unha vez máis, desta volta na Gran Bretaña. Co tempo, a familia McEvoy medrou e Seánie e Rosa establecéronse de novo en Wexford, pero tamén, no verán, na Coruña. E daquela o noso 'Luis Aragonés' descubriu aos Fillos de Breogán.

A vida deportiva de Seánie xirou sempre ao redor dos deportes gaélicos. Practicante dende cativo de hurling e fútbol gaélico, cando coñeceu que existía un club GAA na cidade da súa dona, Seánie seguiría ao equipo en adestramentos e partidos aló onde fose. Nomeado presidente de honra do club, Seánie estivo presente nos primeiros éxitos do club en Barcelona, Madrid, Valencia, Cork ou Wexford.

Jim McCarthy, presidente dos St. John's Volunteers de Wexford, entrégalle a Seánie un presente logo do empate dos Fillos cos locais en 2011







## A CASA DOS FILLOS DE BREOGÁN ESTÁ NO NÚMERO 82 DA RÚA DO ORZÁN

Pedriño Villarino e Brais Maceiras son A Cova Céltica. E A Cova é música, ledicia, amizade e, por suposto, A Coruña Fillos de Breogán. O fútbol gaélico chegou a esta cervexaría mítica cascarilleira da man de Pedriño, socio fundador do club decano deste deporte en Galicia. Como non podería ser doutro xeito, A Cova foi o primeiro e o principal patrocinador dos Fillos de Breogán.

As foliadas que regan de música a acústica desta taberna de tradición galeguista tinxen o aire dun aroma do Mundo Celta envexable. As moreas de terceiros tempos de fútbol gaélico vividos no local de Brais e Pedriño fan que A Cova estea vencellada indiscutiblemente á historia do deporte nacional irlandés en Galicia. Foron os Madrid Harps os que estrearon a conexión musical-deportiva galaico-irlandesa, mais logo viñeron os Nemo Rangers e a maioría dos clubs do Campionato Ibérico e da Liga Galega. E, claro que si, os Fillos de Breogán, que fixeron da Cova o seu fogar. Tanto é así, que algún deles pasa máis tempo degustando cervexa mentres escoita boa música nesta taberna ca na súa casa.

E xa que o fútbol gaélico de Irlanda non se emite polas canles de televisión das que dispoñemos en Galicia, A Cova Céltica é o lugar indicado para ver os partidos do All-Ireland. En directo e en diferido podemos seguir as aventuras de Colm Cooper e Paul Kerrigan e mesmo os encontros da nosa Selección na TVG agora que comezamos a ser visibles. E claro, pasar unha noite de troula gozando da música en directo que só se pode vivir na Cova Céltica.







# O IRMÁN NEMO

Ráonaithe Nemo, que é como se di Nemo Rangers en gaélico, é oficialmente club irmán do C.D. A Coruña Fillos de Breogán. Así o publicou Gaelic Games Europe neste mes de marzo, sendo este o primeiro 'twinning' oficial do County Europe.

Para o noso club non pode ser a honra maior que a nosa relación de amizade e aprendizaxe sexa con este monstro, o mellor club da historia do noso deporte. Trátase dun club fundado en 1922, mais que é produto dunha fusión de dous clubs anteriores. Por unha banda existía o Rangers, que data de 1893. E por outra banda, no seo do North Monastery de Cork, formouse o Nemo. Debe o seu nome ao profesor Seamus O hAodha, que coas dúas iniciais NM decidiu chamar ao club Nemo que significa 'ninguén' en latín, xa que as autoridades promovían o británico rugby por riba dos xogos gaélicos.

<p>A Coruña Fillos de Breogán</p>	<p>Ráonaithe Nemo (Nemo Rangers)</p>
<p>oficial <i>twinning</i></p>	
<p>Founded: 2010 Place: Corunna, Galicia County: Europe Championships: (Ladies football) 1 European Champions League 1 Iberian Championship 1 Galician League 1 AGFG Cup</p>	<p>Founded: 1922 Place: Cork, Ireland County: Cork Championships: (Mens football) 7 All Ireland Championships 15 Munster Championships 19 Cork Championships 4 Cork Intermediate Championships</p>





O contacto cos Nemo Rangers vén da man de Carlos Seco, o primeiro seleccionador nacional galego, que xa xogaba no equipo junior dos Rangers antes da fundación do noso club. En 2011, unha expedición do club adestrou no Nemo Club e, pouco despois nese ano, varios antigos compañeiros de Carlos visitaron A Coruña. Daquela xogaron na Cidade Deportiva da Torre a primeira Copa Bregogán. Este evento repetírase en 2012, pero xa en Cork e nun campo orixinal de fútbol gaélico de 15 contra 15.

No 2015, os de South Douglas foron quen de gañar o campionato de Cork e ser subcampións de Munster. O equipo liderado por Paul Kerrigan e Barry O'Driscoll gañou en competitividade coa chegada de Tomás O Sé, un dos máis destacados desta familia de míticos futbolistas de Kerry.

Evidentemente, o nivel do fútbol gaélico galego non está á altura do equipo senior de Nemo Rangers. Mais o noso propósito non é competir contra eles, senón contra un equipo dun nivel máis parello ao noso. Pero, nesta ocasión, tamén facer un partido feminino, cousa que non se puido realizar nos primeiros anos.

Xa que o Concello da Coruña acordou aceptar a nosa proposición de celebrar un Teresa Herrera de fútbol gaélico, que mellor xeito de festexar o noso irmandamento con Nemo Rangers que facendo que o club con mellor palmarés do mundo estea presente nese torneo?

**O mellor club da historia debería estar presente na primeira edición do Teresa Herrera de fútbol gaélico. Tócanos a nós traballar para que iso sexa posible**







**Ní neart go cur le chéile!  
Na unión está a forza!**

